

III Xornada Xuvenciencia para profesorado

Mergúllate na investigación!

Fase 2: 28 de outubro 2017

Propomos esta segunda fase da xornada de comunicación e información entre profesorado de ensino secundario e universitario para perfeccionar o desenvolvemento das actividades conxuntas dirixidas ao fomento das vocacións científico-técnicas e científico-sociais do alumnado preuniversitario.



Obxectivos

- Fortalecer os vínculos creados en anteriores xornadas entre os distintos actores da educación preuniversitaria e universitaria implicados na divulgación de coñecementos científico-técnicos e científico-sociais.
- Ampliar a formación do profesorado de ensino secundario que xa participou na Fase 1 dunha xornada na utilización dos kits de aprendizaxe ("Xuvenciencia na aula") e poñer en común e analizar os resultados obtidos.
- Presentar un novo kit Xuvenciencia nos campos da Tecnoloxía e das Ciencias da Terra.



- Data: sábado 28 de outubro de 2017
- Lugar: Biblioteca Intercentros e Laboratorios de investigación do Campus de Lugo da USC
- Duración: 8 horas
- Número de prazas: 20
- Prezo: 10 euros (café e comida incluídos)
- Destinatarios: Profesorado de Ensino Secundario e de Formación Profesional das especialidades de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, e Tecnoloxía.
- Organización: Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia (USC)
- Dirección: María de la Merced Novo Rodríguez
- Secretaría: María Isabel Quiroga Berdeal, Ana Paula Losada García

Información:

www.usc.es/xuvenciencia/xornadas
www.usc.es/xuvenciencia/aula/gl/

Solicitada a homologación como actividade de formación permanente do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e provisionalmente recoñecida como tal (recoñecemento definitivo suxeito ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013, DOG 96).

Programa

- 9:30-10:00 Presentación do programa da Xornada e das actividades do Grupo XuvenCiencia. **Mercedes Novo**. Sala E-Terra da Biblioteca Intercentros (BI).
- 10:00-12:00 Obradoiro: *Uso do Excel para a análise de datos experimentais*. Sala E-Terra da BI.
Tratamento estatístico, representacións gráficas e regresión. **Wajih Al-Soufi** (profesor e investigador da área de Química Física da USC) e **Ana Losada** (profesora e investigadora da área de Ciencias Clínicas Veterinarias da USC).
- 12:00-12:15 *Descanso e café*. (Sala E-Terra da BI).
- 12:15-13:00 Charla: *Lugo Biodinámico: unha cidade ecosostible*, **Esther Fernández Núñez** (investigadora do proxecto europeo Life “Lugo Biodinámico”). Sala E-Terra da BI.
- 13:00-14:00 Táboa redonda: *posta en común e discusión* da experiencia xeral no uso dos kits de aprendizaxe. Sala E-Terra da BI.
- 14:00-15:30 *Xantar (Cafetería da Facultade de Veterinaria)*.
- 15:30-19:00 Obradoiros formativos de cada un dos kits educativos.
Photonics Explorer, **Wajih Al-Soufi** e **Mercedes Novo** (profesores e investigadores da área de Química Física da USC). Posta en común de resultados e actividades avanzadas. Sala E-Terra da BI.
Animal CSI, **Maribel Quiroga**, **Ana Losada** e **Marta López** (profesoras e investigadoras das áreas de Ciencias Clínicas Veterinarias e Medicina e Cirurxía Animal da USC). Posta en común de resultados e actividades avanzadas. Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria.
Vitroplant, **Juan Luís Fernández** (profesor e investigador da área de Produción Vexetal da USC), coa colaboración de **Miguel Martínez** (graduado en Enxeñaría Agrícola). Posta en común de resultados e actividades avanzadas. Sala de informática e laboratorio de Micropropagación da Escola Politécnica Superior.
AquaLab (Sensores de medida de humidade no solo), **Montserrat Valcárcel**, **Jorge Dafonte**, **Miguel Ángel González** e **Javier José Cancela** (profesores e investigadores da área de Enxeñaría Agroforestal). Presentación do kit e actividades de iniciación. Laboratorio de Hidráulica da Escola Politécnica Superior.